

Compravenda de equipamento deportivo de segunda man entre entidades deportivas

Reunidos en **Vigo**, a **31 de febreiro de 1492**, co fin de formalizar a compravenda do **billar tibetano** abaixo indicado, as partes interesadas deixan constancia mediante o presente documento dos seguintes actos:

Don **A**, con DNI **1**, veciño de **Vigo**, en calidade de Presidente da entidade deportiva federada "**Billares A Todas Horas**" (en adiante Vendedora) e

Don **B**, con DNI **2**, veciño de **Marín**, en calidade de Presidente da entidade deportiva federada "**Billares nocturnos**" (en adiante Compradora)

EXPOÑEN:

Que Don **A** ten plenas facultades, segundo os estatutos da parte Vendedora así como por acordo da súa Xunta Directiva (**segundo acta de 15 de xaneiro de 1492 – se procede!!**) para realizar a venda do equipamento deportivo indicado máis abaixo.

Que Don **B** ten plenas facultades, segundo os estatutos da parte Compradora así como por acordo da súa Xunta Directiva (**segundo acta de 15 de xaneiro de 1492 – se procede!!**) para realizar a adquisición do citado equipamento deportivo polo prezo indicado máis abaixo.

Que ambas partes están interesadas en facer a compravenda dun **billar tibetano** de segunda man, propiedade ata o momento da parte Vendedora **segundo documentación aportada**, da marca **Lao-Tsé** e modelo **Chin**, coa referencia **123**, que se atopa en boas condicións **e que mide 3x2metros (poñer as características)**.

Que o prezo acordado está en **156.000 iens xaponeses** que serán ingresados mediante transferencia na entidade **Banco Etcheverría** e na conta bancaria da Vendedora, número **0000 0000 00 0000000000**, momento no que quedará formalizada a adquisición.

Os portes correrán por cargo de ...

E para que así conste ambas partes asinan tódalas follas do presente documento e, posteriormente, gramparán a copia da transferencia indicada.

A parte Vendedora

A parte Compradora

Don A

Don B